

A QUE SABE A LÚA? XL

Texto e ilustracións de MICHAEL GREJNIEC

Tradución de CARMEN BARREIRO

Acartonado con esquinas redondeadas. 28 x 42 cm. 28 páx. 24 €

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) - 2004

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

A que sabe a lúa? XL (galego)

ISBN 978-84-1343-314-1. Prelecturas. Acartonados.

A que sabe a lúa? (galego)

ISBN 978-84-8464-625-9. Álbum ilustrado. Tras os montes.

¿A qué sabe la luna? XL (castelán)

ISBN 978-84-1343-242-7. Prelecturas. Acartonados.

¿A qué sabe la luna? (castelán)

ISBN 978-84-8464-564-1. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

¿A qué sabe la luna? (castelán)

ISBN 978-84-92608-84-3. Álbum ilustrado. De fácil lectura. Makakiños.

De què fa gust la lluna? XL (català)

ISBN 978-84-1343-317-2. Prelectures. Cartró.

De què fa gust la lluna? (català)

ISBN 978-84-8464-561-0. Àlbum iIllustrat. Clàssics contemporanis.

Nola dastatu llargia? (euskara)

ISBN 978-84-95123-77-0. Album irudidunak. Gaur egungo klasikoak.

A que sabe a lua? XL (português)

ISBN 978-84-1343-242-7. Pré-leituras. Cartonados.

A que sabe a Lua? (português)

ISBN 978-989-749-188-7. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

A taste of the moon (inglés)

ISBN 978-84-8464-746-1. Picture book. Books for dreaming.

Il sapore della luna (italiano)

ISBN 978-84-8464-431-6. Albo illustrato. Classici moderni.

Había moito tempo que os animais andaban a matinar a que sabía a lúa.

Era doce ou salgada? Só querían probar un anaco pequeno.

Polas noites, miraban ansiosos para o ceo. Estarricábanse e estiraban

o pescozo, as pernas e os brazos, tentando collela...

Edición especial, acartonada e a gran tamaño, dun álbum esencial,

ideal para contar e compartir dende a primeira infancia.

«A que sabe a lúa?» é unha das obras máis emblemáticas do catálogo dos *Libros para soñar*. Dende a súa publicación en 1999, máis de 500.000 exemplares teñen viaxado a fogares, escolas ou bibliotecas nas distintas linguas nas que está editado. 25 anos despois, este clásico imprescindible de Michael Grejniec volve cun novo formato acartonado e a un tamaño moi superior, ideal para compartilo en público como un recurso especialmente recomendado para docentes, profesionais de bibliotecas, mediación lectora...

Quen non soñou algunha vez con darlle unha dentada á lúa? Este foi precisamente o desexo dos animais deste conto. Tan só querían probar un anaquiño pero, por máis que se estiraban, non eran quen de tocala.

Daquela, a tartaruga tivo unha idea xenial: “Se sobes ao meu lombo, poida que cheguemos onda ela”, díxolle ao elefante.

Esta é unha historia de desexos que parecen -a primeira vista- inalcanzables, como a lúa, pero que conseguen facerse realidade grazas á cooperación. Unha axuda mutua da que son partícipes animais moi variados: a tartaruga, sobre a que se sostería o mundo, segundo a mitoloxía; o elefante, a xirafa, a cebra, o león, o raposo...

Ata que, finalmente, o máis pequeno de todos... A medio camiño entre a fábula e a lenda, este relato ofrece unha poética ensinanza que fala de xenerosidade, solidariedade e soños compartidos.

Cunha chisca de humor; o que achega unha lúa sorrinte, burlona e algo saltadora.



- **Temática:** os animais únense para probar a que sabe a lúa.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** estrutura acumulativa; dispoñible en versión adaptada ao sistema de pictogramas para lectores con necesidades de apoio educativo (colección *Makakiños*); a solidariedade, reflexión sobre a forza da unión; animais, sabores, distancias, astros.
- **En Kalandraka TV:**
<https://kalandraka.tv/gl/videos/a-que-sabe-la-luna-booktrailer>
<https://kalandraka.tv/gl/videos/a-que-sabe-a-lua/>
- **Avance do libro:**
https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-que-sabe-a-lua-g_fb9b191eb7f4e8

Michael Grejniec

Escrito e ilustrado polo autor e ilustrador polaco Michael Grejniec, é un libro especialmente recomendado para primeiros lectores. A súa estrutura baséase nas repeticións e na acumulación de personaxes, un recurso moi frecuente na literatura tradicional. Esta obra invita a ser contada, logrando a interacción entre o narrador e os receptores. Dende o punto de vista estético, as ilustracións destacan polo seu estilo sinxelo e cálido, ao que contribúe o soporte sobre o que están realizadas, en papel-couché. A distribución das imaxes e do texto, sobre fondo branco, proporciona un grande equilibrio que potencia o efecto artístico do libro.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com